

Unidade 11. Véndese

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Un dos dentes cairos levaba días dándome a turra. Bailaba ao son da punta da miña lingua pero non se daba desprendido. A avoa díxome:

—Déixao; xa caerá.

O avó ofreceume axuda:

—Pásolle un fío cun nó e, ras!, nin te decatas.

Eu non quería nin unha cousa nin outra, só desexaba que caese porque xa me estorbaba, pero tiña medo a que me doese. Lola, a veciña, meteume máis canguelo no corpo.

—Mira que non o perdas, que se cho come un becho, o que naza despois hache saír da feitura dos do animal que cho coma.

Segundo a Lola, os dentes cando caen hai que botalos na borralla da cociña ou queimalos no lume para que os novos nazan dereitos e sans.

Pasei o día coa man en cunca debaixo da boca e coa lingua botando callo de tanto dálle que dálle ao dente. Pero non fixen nada. Pasou a noite, veu outro día e alí seguía o dente arrandeándose.

Non sei a que hora nin como foi, díxome a avoa que debería ser por espurrar, pero o dente desapareceu da miña boca e non sei a onde foi parar. Entón si que me agoniei. Corrín a choer as galiñas, isquei o gato, prendín o can, escorrenteis todos os paxaros que andaban ao redor da casa e busquei arriba e abaixo, pero do dente nin sinal.

—Igual o tragaches —dixo a avoa, para me sosegar.

Non me acalmou, e o avó aínda retrucou:

—Pois entón si que a fixeches boa. Non me deixaches atalo co fío e agora tes que andar en busca do dente.

Pasei un día terrible. Xa me vía cun cairo novo coma o peteiro dunha galiña, cun miúdo coma os dos ratos, ou aínda cun afiado e grande coma o dun can ou dun porco. Claro que aínda sería peor que o papase unha toupa, unha cobra ou un lagarto. Desbotaba, por ser moi pequeno o bocado para as súas bocas, que o comese unha vaca ou un cabalo, aínda que, quen o sabía!

Cando xa non puiden máis, botei a chorar e fun correndo xunta dos avós. Segundo eles, eu xa era un home feito e derecho para andar choromicando, pero sentíame un desgraciado, incapaz sequera de coidar dun dente desaparecido misteriosamente da miña boca.

Como case sempre pasaba, foi a avoa a que me salvou de que non me naceste nada raro no sitio do dente que me faltaba, ou de que fose grande, melado e negro coma sarrio. Colleume no colo, limpoume as bágoas e díxome:

—Non te preocuples, neno; o teu dente boteino eu na borralla. Queres saber que becho feo e vello estivo a piques de comelo?

—Si —apureina.

—Pois foiche o avó.

E rimos a unha os tres; os tres, desdentados.



Antonio REIGOSA

Unidade 11. Véndese

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Contesta estas preguntas.

- Quen é o protagonista da lectura?

- Quen é Lola?

- Por que está o protagonista tan pendente do dente?

- Onde hai que tirar o dente para que os novos nazan sans?

- Que lle ofreceu o avó para que caera?

- A que lle tiña medo?

2. Cres que realmente foi a avoa a que colleu o dente? Por que?

3. Escribe dúas posibles explicacións para a desaparición do dente.

4. Busca no diccionario as palabras das que descoñezas o seu significado e fai unha oración con cada unha.

Unidade 11. Véndese

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

5. Relaciona cada palabra tabú co eufemismo correspondente.

Parir

Desocupado

Parado

Demente

Guerra

Conflito bélico

Tolo

Invidente

Cego

Dar a luz

6. Escribe unha oración con cada eufemismo.

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

7. Substitúe nas seguintes oracións as palabras tabú polo seu eufemismo.

- Abriu un novo centro de vellos.

- O irmán de Xosé saíu do cárcere.

- Poderíame dicir onde está o váter?

- Uxía lévase moi ben cos vellos do seu barrio.

8. Escribe unha oración con cada eufemismo e indica a que palabra tabú substitúen.

defunción

empregada doméstica

discapacitado

excrementos

- _____
- _____
- _____
- _____

Unidade 11. Véndese

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

9. Busca en Internet unha bitácora sobre literatura xuvenil e contesta as seguintes preguntas.

- Cal é o título da bitácora?

- Cal é a última entrada?

- Quen é o autor desa última entrada?

- Cal é o enderezo?

10. Se tiveses unha bitácora, sobre que a fariás e como a chamarías? Escríbeo.
